

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Untitled: Silueta Series, 1978 (detalle) de Ana Mendieta

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario

Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



CONTIDO

| | |
|--------------------------------|----|
| FORMACIÓN..... | 4 |
| CONGRESOS E SEMINARIOS | 5 |
| CONVOCATORIAS | 5 |
| SUXESTIÓNS | 8 |
| RECURSOS..... | 11 |
| REVISTAS | 15 |
| NOVAS DO DUVI..... | 16 |
| NOVAS..... | 17 |
| DATOS..... | 17 |
| FERRAMENTAS DE IGUALDADE | 18 |

CALENDARIO DA IGUALDADE

2025

SETEMBRO

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|----|------|--|----------|-------|--|--------|---|
| 35 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 <small>Día Internacional das Mulleres Indixenas</small> | 6 | 7 |
| 36 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 37 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 38 | 22 | 23* <small>Día Internacional da Bisexualidade</small> | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 <small>Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro</small> |
| 39 | 29 | 30 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

AXENDA

Do 17 de setembro ao 30 de outubro. Continuamos co programa **Homes de Coidado** co *Mapa dos coidados da Universidade de Vigo. Unha cartografía corresponsable dos desafíos na igualdade de xénero*, un traballo que busca explorar cal é a realidade de coidados das diferentes persoas da comunidade universitaria.

Durante o mes de setembro e outubro terá lugar a recollida de datos que se fará a través de procesos participativos, cunha convocatoria de grupos focais que se desenvolverán en liña e tamén entrevistas individualizadas. Inscricións a través do formulario que podes atopar neste [enlace](#).

- PTXAS: Mércores 17/09, de 12 a 14:00 h
- Estudantado: Luns 22/09, de 18 a 20:00 h
- PDI: Venres 03/10, de 11 a 13:00 h

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

Actividades realizadas a través da Convocatoria 2024 de axudas para a organización de actividades docentes e de sensibilización da Unidade de Igualdade

18 de setembro. Rugby en igualdade. Xornada aberta cunha mesa redonda, unha sesión de iniciación ao rugby e un terceiro tempo e entrega de agasallos no edificio Redeiras en horario de tarde. Esta actividade realizarase en colaboración co Vigo Rugby Club, o clube galego co equipo feminino máis lonxevo da liga galega.

26 de setembro. III Xornada: A muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais. Unha mirada desde a experiencia persoal. [+Info](#)

Esta acción pretende dar visibilidade e poñer en valor a actividade profesional das mulleres na enxeñaría; divulgar e formar na posibilidade de traxectorias profesionais diversas a partir dunha formación inicial de grao en enxeñaría e presentar un análise da realidade actual da situación laboral da muller nas profesións de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais así como da importancia da transición enerxética sostible e a súa relación coas materias primas. [+Info](#)

03 de outubro. VII Xornada Olladas á Antigüidade. A infancia feminina na Antigüidade. De 09:30 a 14:30 h no Salón de graos da Facultade de Historia.

FORMACIÓN

A construción sociocultural do amor romántico. Curso de extensión universitaria, do 16 de setembro ao 15 de outubro de 11:00 a 14:00 h. [+Info](#)

A igualdade entre mulleres e homes e a linguaxe inclusiva. En liña. Do 3 ao 30 de setembro, curso de verán da Universidad Miguel Hernández. [+Info](#)

A clase importa. Xénero e loita de clases desde unha mirada feminista. Grupo de lectura presencial e en liña con varias sesións de traballo e reflexión do 08 de xullo ao 29 de setembro. [+Info](#)

A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdad en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas disponibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade. De novembro do 2024 a xuño do 2025. (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade. Inscripción aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

CONGRESOS E SEMINARIOS

IX Congreso de Economía Feminista. Universidad Pablo de Olavide, o 2, 3 e 4 de outubro do 2025 en Sevilla. [+Info](#)

Tecendo coidados: construíndo masculinidades igualitarias desde a mocidade. O 07 de outubro en Santiago de Compostela, organizado polos servizos de igualdade da UDC, a USC e a UVigo.

I Congreso Internacional Mujeres y diversidades: avanzando en igualdad desde una mirada interseccional. Organizada pola Universidad de Jaén os días 23 e 24 de outubro. [+Info](#)

I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital. 6 e 7 de novembro, en liña. [+Info](#)

Congreso Internacional “Violencia de Género y Mujeres en Riesgos de Exclusión Social. Universidad de Sevilla. 20 e 21 de novembro. [+Info](#)

Coloquio internacional de Estudos das Mulleres e de Xénero. Xenealoxías feministas: no fío da memoria. Homenaxe a Margarita M. Birriel Salcedo. Do 10 ao 12 de decembro de 2025 na Universidad de Granada. (ES e EN) [+Info](#)

II Congrés Càtedra UB de Perspectiva de Gènere i Feminismes Ciutat de Cornellà. Universitat de Barcèlona, do 10 ao 12 de decembro de 2025. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital. Ata o 19 de setembro aberto o prazo para envío de comunicacións. [+Info](#)

II Premios ás Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra. Presentación de candidaturas ata o 01 de outubro para entidades de iniciativa social, cultural, deportiva e educativa. [+Info](#)

VIII Premio Francisca de Pedraza contra a violencia de xénero 2025. Aberto o prazo de candidaturas ata o 10 de outubro. [+Info](#)

REVISTAS

- Revista igUALdad*. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)
- Social Politics*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexualities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Technology and Development*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender & Society*. Volume 39 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*: Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

SUXESTIÓNS



Grupo de persoas voluntarias nun incendio en Galicia fotografiadas por Brais Lorenzo

Un ano máis, durante o mes de agosto deste 2025, [o oeste da península](#) viviu devastadores incendios -algúns deles [aínda activos](#) mentres escribimos este contido-, que acabaron con vidas humanas e animais, biodiversidade, aldeas e bens materiais, e que afectarán directamente á subsistencia de quen habitan eses territorios, e tamén ao resto da vida e da poboación doutros lugares.

Pensar nesta cuestión desde unha perspectiva de xénero pasa, en primeiro lugar, por recoñecer o rural como un espazo [sostido en gran parte polas mulleres](#). Este abordaxe resulta de interese para incorporar na análise unha mirada desde o rural-campesino. Unha visión que, como propón [Amaia Pérez Orozco](#), axúdanos a «descentrar a mirada norcéntrica, branca e urbana que o feminismo arrastra a miúdo»; e, en segundo lugar, a necesidade de valorar e aplicar as achegas que o ecofeminismo leva décadas facendo para coidar e soste a vida. Dúas ideas que comparte a obra colectiva do Proxecto Batefogo [Árbores que non arden: as mulleres na prevención de incendios forestais](#) (2019), un libro no que autoras debaten desde ámbitos diversos arredor da xestión do monte en Galicia, do seu pasado, presente e futuro e do papel que teñen as mulleres.



Françoise D'Eauborne e imaxes das integrantes do movemento Chipko e das súas accións en defensa das árbores

O [ecofeminismo](#) naceu como un movemento crítico que une a defensa da vida e da natureza coa loita pola igualdade de xénero, formado por varias correntes. O termo, que vincula ecoloxismo e feminismo aparece por primeira vez na obra de Françoise D'Eauborne (1974), e que coincide no tempo con accións impulsadas por [mulleres do Sur Global](#) en defensa da vida como o [movemento Chipko](#) (India) de resistencia non violenta creado en 1972, e que aínda continúa en activo.

Dende finais do século XX, activistas e investigadoras puxeron de manifesto que **existe unha relación estreita entre a subordinación das mulleres, a colonización dos pobos «estranxeiros» e as súas terras, e da natureza**. Ambas comparten unha lóxica común: a lóxica patriarcal e capitalista que concibe os corpos, os territorios e os recursos como obxectos dispoñibles para extraer rendemento inmediato, sen ter en conta os coidados nin a sustentabilidade.

Autoras como [Vandana Shiva](#), física e filósofa que formou parte do movemento Chipko, denunciaron como a economía global neoliberal desposúe ás comunidades campesiñas da súa terra e promove monocultivos que empobrecen a biodiversidade e xeran vulnerabilidade fronte aos desastres naturais. Para Shiva, a defensa da soberanía alimentaria e da biodiversidade é inseparable da defensa da vida das mulleres, especialmente no Sur Global.

En Europa e no Estado español, [Alicia Puleo](#) desenvolveu un ecofeminismo crítico que pon no centro a ética do coidado, chamando a superar tanto a explotación da natureza como os esencialismos que ligan automaticamente muller e natureza. A súa proposta de *ecofeminismo ilustrado* é unha aposta pola xustiza social e ambiental que resulta moi útil para analizar os incendios forestais: non se trata de fenómenos naturais inevitables, senón do resultado dunha organización social e económica que prioriza o beneficio económico fronte ao coidado da terra.

Nun contexto como o galego, marcado cada verán polos incendios forestais, o ecofeminismo convídanos a ver estes fenómenos de forma máis ampla e complexa que centrada no azar ou a mala xestión. O lume revela as consecuencias dun modelo produtivo forestal baseado no monocultivo do eucalipto, na desruralización e na falta de políticas centradas no ben común. O capital procura beneficio rápido mentres que a vida, entendida como sostemento da comunidade humana e non humana, queda en segundo plano.

Outra figura destacada é [Yayo Herrero](#), unha das súas principais teóricas e divulgadoras. Antropológa, enxeñeira e educadora social, leva décadas advertindo sobre os límites biofísicos do planeta e a necesidade de repensar os modelos económicos e sociais desde a perspectiva da

sustentabilidade e da xustiza. As súas achegas céntranse en visibilizar a interdependencia entre as persoas e a natureza, así como a importancia dos coidados como eixo fundamental da vida en común. A súa proposta ecofeminista denuncia tanto o patriarcado como o capitalismo e propón a corresponsabilidade e artellar redes de solidariedade con quen que loitan contra os extractivismos no sur global, que fan fronte ao impacto dun sistema e un modelo extractivista capitalista e depredador, racista e colonial, que depende moito do dos hábitos de consumo e as miradas sobre os que temos capacidade directa de acción.

Non hai economía nin
tecnoloxía nin política nin sociedade
sen natureza

Yayo Herrero



Outras voces que nutren o ecofeminismo actual son [María Sánchez](#), veterinaria e escritora afincada en Galicia, quen pon o foco nas mulleres rurais e no coidado da terra; ou as diversas plataformas de mulleres rurais e ecoloxistas galegas que reivindicamos un modelo sostible e igualitario ligado ao territorio. Tamén colectivos como a [Sociedade Galega de Educación Ambiental-SGEA](#) ou plataformas veciñais teñen posto sobre a mesa a importancia da xestión comunitaria do monte, un modelo que historicamente sostivo a vida no rural galego e que hoxe podería ser chave para frear a devastación dos lumes.

O ecofeminismo non se limita á denuncia, tamén propón iniciativas e liñas de traballo. Un deles é recuperar prácticas comunitarias de xestión do monte, onde os beneficios non se midan só en termos monetarios, senón en capacidade de sostemento da vida. A **restauración da diversidade forestal**, a **recuperación de especies autóctonas**, a **posta en valor do coñecemento tradicional** e a **participación activa das mulleres no deseño de políticas ambientais** son exemplos de alternativas que xa existen en diferentes lugares.

Proxectos como as **Comunidades do Monte Veciñal en Man Común** en Galicia amosan que é posible unha xestión colectiva e sustentable dos montes. Estas iniciativas, onde a terra non é unha mercancía individual senón un ben compartido, representan unha das posibilidades da proposta ecofeminista pola vida fronte ao capital.

- [Amigas da Terra Galicia](#), que integra perspectiva ecofeminista e defensa ambiental.
- **Comunidades de Montes Veciñais** como exemplo de autoxestión sostible como a [Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Couso](#), a [Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios](#) ou a [CMVMC Tameiga](#).

- [Plataforma de Custodia del Territorio](#)
- Iniciativas de educación ambiental en centros educativos e universidades galegas, que están a introducir o ecofeminismo como marco para pensar o presente.

O ecofeminismo convídanos a pensar os incendios forestais non só como catástrofes ambientais, senón como síntomas dunha economía que descoida a vida que precisa tempo, coidado e diversidade. As voces ecofeministas lembran que non hai futuro se non recolocamos a sostibilidade da vida no centro das nosas decisións colectivas. A loita contra os lumes é tamén unha loita contra un sistema que prioriza beneficios sobre coidados. E é, sobre todo, unha oportunidade para reimaxinar o noso vínculo coa terra e entre nós.

RECURSOS

As asociacións entre tres medidas de importancia e o esgotamento, a soidade, a autoestima e a esperanza a través de diferentes niveis educativos: inxerencias de estudantes de primaria, secundaria, bacharelato e universidade. (EN) [+Info](#)

A influencia da cultura nacional na iniciación do apoio en programa de desenvolvemento de talento STEMM: perspectivas das persoas mentoras. (EN) [+Info](#)

Diferencias de xénero nas respostas comportamentais e psicolóxicas ante crises: unha análise Oaxaca-Blinder a nivel multinacional. (EN) [+Info](#)

Predición de resultados do fútbol feminino mediante aprendizaxe automática: análise comportamental dos goles como eventos de alta tensión. (EN) [+Info](#)

Demasiado pouco tempo para coidar dos meus seres queridos: pobreza de tempo para a calidade do coidado e o papel moderador do capital social comunitario entre as persoas coidadoras nas familias. (EN) [+Info](#)

Ansiedade ambiental e a cuestión de ter criaturas. (EN) [+Info](#)

Un podcast de Jade S. Sasser, doutora en estudos ambientais e profesora na Universidade de California en estudos de xénero e sexualidade, sobre as emocións que acompañan a crise climática e como están a dar forma a cuestións fundamentais sobre se, cando e como ter criaturas.

O estado da educación sexual: leis e regulamentos estatais que obrigan á educación sexual nos Estados Unidos. (EN) [+Info](#)

Respostas de xénero e comportamento dos observadores ao acoso sexual no lugar de traballo a través da empatía: o papel moderador da intolerancia organizativa. (EN) [+Info](#)

A Copa Mundial Feminina e o xénero no deporte: explorando os impactos percibidos das comunidades anfitriñas e o apoio futuro ao desenvolvemento do turismo. (EN) [+Info](#)

Menstruación e benestar: un estudo de grupo focal para analizar como a menstruación afecta o benestar das mulleres de 18 a 40 anos. (EN) [+Info](#)

Tendencias e disparidades por sexo na carga da urolitiase en 204 países e territorios, 1990–2021. (EN) [+Info](#)

Múltiples funcións do estradiol inhiben a ferroptose e a lesión renal aguda. (EN) [+Info](#)

No estudo, o equipo de investigación demostraron que a hormona reprodutiva feminina protexe os riles de moitas maneiras contra os danos causados pola ferroptose. Estes resultados proban demostran a importancia da medicina específica de xénero para comprender as enfermidades e a terapia.

As experiencias de acoso e a obtención dunha orde de afastamento están asociadas coa aparición de eventos cardiovasculares en mulleres: unha análise prospectiva no Estudo de saúde de enfermaría II. (EN) [+Info](#)

Diferenzas sexuais na asociación do IMC e a percepción do peso coa depresión e a suicidalidade entre adolescentes de Corea. (EN) [+Info](#)

Sol, mar e violencia sexual: a economía política do turismo de festas. (EN) [+Info](#)

#Non+ViolenciaSexual *Online* (GA e ES) [+Info](#)

Quero ser investigadora 5. (GA) [+Info](#)

O sexo de nacemento non é sempre aleatorio — a idade da nai e a xenética poden influír. (EN) [+Info](#)

Prexuízos de xénero sintácticos e semánticos na linguaxe da televisión infantil: evidencias dun corpus de 98 programas de 1960 a 2018. (EN) [+Info](#)

«Só quería ser coma calquera outra...»: Exploración cualitativa das perspectivas das mulleres sobre a mutilación/ablación xenital feminina e o seu posible abandono en Somalia. (EN) [+Info](#)

A evolución das relacións de dominancia entre machos e femias nas sociedades de primates. (EN) [+Info](#)

O papel do xénero na configuración do efecto do voluntariado na participación electoral por primeira vez. (EN) [+Info](#)

«Basicamente estás espida»: un estudo cualitativo sobre por que as nenas abandonan o deporte na adolescencia. (EN) [+Info](#)

Duelo e factores de estrés económico por sexo, xénero e educación. Asociacións con resultados relacionados coa enfermidade de Alzheimer. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Informe Xuventude en España 2024. Entre a emerxencia e a resiliencia(ES) [+Info](#)

Radicalización dentro dunha rede de extremistas extremistas misóxinos: un estudo de caso dun foro *inced*. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Influencias do sexo e da raza e etnia nas mortes por sobredose de opioides entre persoas veteranas con diagnóstico con trastorno por consumo de opioides entre 2016 e 2021. (EN) [+Info](#)

O medio é a mensaxe: como a información non clínica configura as decisións clínicas nos grandes modelos de linguaxe (LLM). (EN) [+Info](#)

Estudo transversal da asociación entre a actividade sexual regular e a función sexual e os síntomas relacionados coa síndrome xenitourinaria da menopausa. (EN) [+Info](#)

Un pracer propio: sobre a intersubxectividade das experiencias sexuais. (EN) [+Info](#)

Consentimento sexual entre a xente nova: entre ideais e práctica. (SE/SV e EN). [+Info](#)

O estudiantado de doutoramento enfróntase a un alto risco de acoso sexual: poden as universidades deter aos seus perpetradores? (EN) [+Info](#)

Unha revisión da intelixencia artificial como dispositivo médico para a análise de imaxes oftalmolóxicas en Europa, Australia e América. (EN) [+Info](#)

Interseccións entre o clima, a saúde e as desigualdades sociais. Experiencias de seca, fortes choivas e inundacións e vínculos coa saúde sexual e reprodutiva da mocidade refuxiada nun contexto humanitario en Uganda: coñecementos cualitativos. (EN) [+Info](#)

Diferenzas de xénero na resistencia antimicrobiana global. (EN) [+Info](#)

A paradoxa da igualdade de xénero de Simpson. (EN) [+Info](#)

As grandes apostas do seguimento da menstruación. (EN) [+Info](#)

Da sala de xuntas ao lugar de traballo: representación feminina nos consellos de administración e seguridade no lugar de traballo. (EN) [+Info](#)

Cara a igualdade de xénero en educación: Diferentes estratexias para mellorar o rendemento subnacional dos países europeos a través da análise envolvente de datos. (EN) [+Info](#)

A hipótese das dúas vías do dano *inca*: un modelo de actitudes e crenzas prexudiciais entre celibatos involuntarios. (EN) [+Info](#)

Usos e valores oceánicos baseados no xénero: implicacións para a planificación espacial mariña. (EN) [+Info](#)

CTEM, un lugar non apto para as mulleres? Evidencias e iniciativas transformadoras. (EN) [+Info](#)

La familia correcta. Podcast internacional no que catro xornalistas de Hungría, Italia e España fan unha viaxe por Europa para entender a utilización dos corpos das mulleres na batalla cultural e política actual. [+Info](#)

Altas Luces. Fotografía | Mirada | Xénero. Canle de Youtube do proxecto. (GA) [+Info](#)

De provedor a precario: como o declive económico dos homes novos alimenta a reacción antifeminista. (EN) [+Info](#)

Homes de coidado Unha publicación participativa sobre masculinidades coidadosas da Universidade de Vigo. (GA) [+Info](#)



REVISTAS

- Revista igUALdad*. Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)
- Social Politics*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexualities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Technology and Development*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender & Society*. Volume 39 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*: Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Devido ao peche da Universidade de Vigo durante parte do mes de agosto, este mes non hai contidos do DUVI.

NOVAS

Dinamarca pide desculpas por primeira vez pola anticoncepción forzada ás mulleres groenlandesas. (EN) [+Info](#)

A viaxe de Laia Abril pola historia da misoxinia e as dores invisibles. (ES) [+Info](#)

As mulleres embarazadas reciben células fetais que permanecen no seu corpo e o seu cerebro. (ES) [+Info](#)

Facebook pecha un grupo italiano onde máis de 31 000 homes compartían fotos íntimas das súas parellas. (ES) [+Info](#)

Gran Bretaña: Un novo informe dunha ONG atopa «graves» desigualdades de xénero para as traballadoras agrícolas migrantes no Réxime de Traballadores Temporais, incluíndo acoso sexual e inseguridade financeira. (EN) [+Info](#)

A proba xenética que esixe World Athletics ás atletas femininas é errónea. (ES) [+Info](#)

As mulleres en Afganistán desafían aos talibáns con clubs de lectura secretos en WhatsApp e Telegram. (ES) [+Info](#)

O fútbol feminino move montañas en Pakistán. (ES) [+Info](#)

As mulleres ao volante da maior flota eléctrica de buses de América. O primeiro programa que capacita exclusivamente a mulleres como choferes de buses en Santiago de Chile transformou máis de 300 vidas. É o terceiro sector económico máis masculinizado do país. (ES) [+Info](#)

Ellas en la ciudad: as que tiran do carro foron as verdadeiras heroínas da loita veciñal. (ES) [+Info](#)

Angela Davis: «Vexo ao fascismo infectar o Goberno de Estados Unidos, pero estou convencida de que é temporal». (ES) [+Info](#)

Estudan por primeira vez o efecto de legalizar o aborto: mulleres máis felices, que acaban a ESO e divorcianse menos. (ES) [+Info](#)

Valentina Agudelo, creadora dun detector de cancro de mama: «É absurdo que as mulleres morran dunha enfermidade que xa se curou». (ES) [+Info](#)

DATOS

Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil. [+Info](#)
Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Informe Global de Fenda de Xénero 2024. [+Info](#)**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/EN) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24

988 393 191

- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)